Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Repasando a peza de roupa negra

Estaba un home no leito a punto de morrer e pareceulle que se sentía algo mellor e berrou pola muller para lle pedir unhas poucas papas que tiña antollo. Mais como a muller non repondese baixou á cociña e encontrouna repasando unha peza de roupa negra.

-Que fas que non estás na cama? -preguntoulle a muller.

-E que quería unhas poucas papas, que me parece que teño debilidade. E ti que coses?

-Repaso esta touca que me vai facer falla hoxe para o loito.

E o home cae no chan estarricado xusto ao tempo no que, pasada a derradeira puntada, a muller facía voar a touca para deixala pousar por enriba dos ombros.

[Enviada por Xabier P. DoCampo desde A Coruña, en abril de 2012]

BIBLIOGRAFÍA

Esta historia que tantas veces lle sentir contar a miña mai, deu lugar a que cando alguén ía interesarse por un moribundo, ao regresar explicábase dicindo "*xa estaban (ou non estaban aínda) repasando unha peza de roupa negra*". Que viña ser a medida da gravidade do

enfermo.